



LUÍS TEIRA PARADA, Concelleiro do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, neste Concello, presenta a seguinte solicitude ante o Pleno da Corporación Municipal e ante o Alcalde en relación coa demanda da **instalación de taboleiros de anuncios informativos no noso concello**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Son moitos os colectivos, asociacións, particulares e institucións públicas de todo tipo que precisan transmitir á cidadanía ás súas actividades. Para iso, entre outros medios, é habitual que se utilicen carteis informativos que se colocan en lugares visibles do noso concello.

Lamentablemente non se conta con espazos acaídos para pegar estes carteis e moitas destas institucións, entre as que moitas veces se atopa o propio concello de Ribeira, teñen que recurrir a pegar en lugares non habilitados para ese fin.

É preocupante a falta de estes espazos de comunicación social que impide que unha maior fluidez informativa entre as institucións e a veciñanza do noso concello.

Polo tanto o Grupo Municipal do BNG

SOLICITA:

1º A **colocación de paneis-taboleiros de anuncios** para que se poidan pegar carteis das actividades de interese para a cidadanía.

2º Estes taboleiros de anuncios deberán **situarse en lugares preferentes** e ben visibles á cidadanía, en **todas as parroquias do noso concello**.

Ribeira, 21 de Novembro de 2007

Asdo.: Luís Teira Parada

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA